

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP VIRXE DE COVADONGA

CURSO 2020-2021

O Plan de Acollida do CEIP Virxe de Covadonga ten por finalidade facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020. É un Plan modificable en calquera momento, tanto si a situación epidemiolóxica así o determina, como si a decisión é tomada polas autoridades sanitarias ou educativas.

INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A situación da pandemia da Covid-19 e o confinamento, alterou en grande medida a vida diaria dos nosos alumnos e alumnas e tamén das nosas familias. Interrumpiuse a súa vida cotiá ao deixar de asistir ao colexio; en moitos casos, os seus pais e nais deixaron de acudir aos seus traballos, tendo que realizar esas tarefas dende os fogares; noutros, incluso se viron en moitas situacións de desemprego.

Por outro lado, tamén se interrompiu o contacto físico con familiares e amigos, tendo que adaptarse as novas tecnoloxías no referente á educación non presencial.

A epidemia do coronavirus 2019 (COVID-19) e as medidas que para o seu control se teñen establecido, poden conlevar diferentes emocións, reaccións e condutas, de maior ou menor intensidade ou importancia, en función da personalidade e das estratexias co individuo teña, tanto adulto como neno/a, para desenvolverse nesa situación.

Fronte as posibles respostas e as secuelas previsibles ou potenciais que puideran ter xurdido, o colexio debe identificar situacións problemáticas que estea vivindo o noso alumnado e as súas familias, para ofrecer unha resposta dende o ámbito escolar (en coordinación co sanitario se for necesario), e tamén, ofertar unha intervención que facilite examinar e ordear as súas experiencias, procesando as emocións e a experiencia vivida.

Outro posible efecto derivado desta situación tralo confinamento e as vacacións, é a perda de estrutura e hábito de traballo, polo que haberá que prestar atención a este aspecto xa nos primeiros días de colexio.

Noutra orde de cousas, posiblemente se poideron escoitar comentarios ou visto nalgún medio de comunicación, diferentes novas referidas á enfermidade, e en moitos casos, a perda dalgún familiar por causa do virus, aspecto de vital importancia se se dera o caso dalgún alumno/a que pasara por esta situación.

Ligado á rutina na convivencia co COVID-19, temos as medidas de hixiene persoal e a hixienización do material. Aínda que o alumnado, fóra do centro, na

súa vida diaria, xa ten que ter unas rotinas neste eido, será un contido a traballar no proceso de ensino e aprendizaxe, sobre todo nos primeiros días.

Do mesmo xeito, o aspecto da limitación de contactos, tanto entre o alumnado coma co e entre o profesorado.

Derivada desta situación en convivencia co COVID-19, houbo que mudar normas na organización e no funcionamento do centro. Dita información formará parte de diferentes actividades para a súa interiorización.

Outra das consecuencias da presenza do COVID-19 é a posibilidade de que o ensino poida ser presencial e de que, dun modo combinado ou total, nalgún momento do curso teña que ser un ensino non presencial. O alumnado deberá aprender a desenvolverse nas Aulas Virtuais para ter o menor número de dificultades, no caso de que o profesorado non puidera darlle resposta educativa de xeito presencial.

Todo o exposto anteriormente será o centro do ensino durante as dúas primeiras semanas do curso para un mellor desenvolvemento do proceso de ensino- aprendizaxe no curso 2020-2021, e traballarase de modo transversal o resto do ano.

Dende o CEIP Virxe de Covadonga, por estes motivos e tamén para dar resposta ás diferentes situacións emocionais vividas polo noso alumnado e as súas familias, elaborouse este Plan de Acollida para o comezo do curso 2020-2021, coa finalidade de axudar á adaptación da volta ás aulas do mellor xeito posible, seguindo as recomendacións das administracións educativas e sanitarias da nosa Comunidade Autónoma.

OBXECTIVOS

Os obxectivos fundamentais que se pretenden conquistar mediante este Plan de Acollida, serán os seguintes:

- ✓ Detectar de maneira temperá as posibles dificultades emocionais do alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria.
- ✓ Asesorar ao profesorado no desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que faciliten a motivación e o rendemento escolar do alumnado, así como o uso das TIC`s e de metodoloxías activas.
- ✓ Desenvolver no alumnado estratexias de xestión emocional e hábitos de estudo a través da acción titorial.
- ✓ Atender de xeito individualizado aos alumnos/as que o necesiten, en especial a aqueles/as con necesidades educativas especiais.
- ✓ Conquerir por parte do alumnado autonomía no uso das novas tecnoloxías, sobre todo na plataforma da Aula Virtual, para garantir a continuidade pedagóxica de calidade e equitativa para todo o alumnado no caso de novos confinamentos ou dun sistema mixto (presencial/online).
- ✓ Interiorizar as medidas de hixiene de prevención persoal, para ir sendo máis independentes nas súas rotinas, aínda que siga existindo supervisión.
- ✓ Responsabilizarse do seu material e da súa hixienización, así como daquel que utilice de uso común.
- ✓ Adquirir hábitos de traballo e de organización no estudo.
- ✓ Seguir cos protocolos establecidos pola administración educativa e sanitaria da nosa Comunidade Autónoma.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será colaborativa e participativa, na que o principio de actividade será un dos eixos vertebradores do proceso de ensino- aprendizaxe, xunto coa aprendizaxe significativa.

ACTIVIDADES

As actividades que se desenvolverán neste Plan de Acollida realizaranse, como mínimo, durante os primeiros quince días de inicio de curso. Ditas actividades deberán ter en conta os aspectos relacionados a continuación:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro
- Actuacións de prevención, hixiene e protección
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Como exemplos modelo de actividades dos apartados anteriores, poderíamos traballar o seguinte:

- Durante os primeiros días, interiorización do proceso de entradas e saídas do centro por parte do alumnado, así como o procedemento para os recreos, e tamén para todos aqueles e aquelas que utilicen o servizo de comedor.
- Realización de actividades para identificar a distancia de seguridade axeitada (1'5 metros); información do uso correcto da máscara; lavado frecuente das mans con auga e xabón; necesidade de extremar a orde no posto de traballo para facilitar as tarefas do persoal de limpeza...
- Traballo regular co alumnado con diferentes aplicacións informáticas, uso da Aula Virtual do cole, contidos do espazo Abalar, Edixgal (no caso de 5º de primaria), así como navegar e investigar outras páxinas na Internet con contidos interesantes e axeitados que complementen o traballo na aula.

- Será o Departamento de Orientación o encargado de propondor e coordinar as actividades dirixidas a atender os aspectos emocionais e sociais, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores e titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

AVALIACIÓN

A avaliacion inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliacion individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.
- d) Comprobación por parte do profesorado dos hábitos de traballo do alumnado, tentando dar pautas para reconducir o proceso, si é que se perderon.
- e) Seguemento e comprobación da interiorización polos nenos e nenas das principais normas de hixiene persoal, así como tamén do material co que se traballa.
- f) Asesoramento ao profesorado, por parte do Departamento de Orientación, para darlle estratexias metodolóxicas para motivar e incentivar ao alumnado, así como facer un balance das competencias en materia dixital e novas tecnoloxías de profesorado e alumnado ante unha posible etapa de ensino non presencial.